Si tuviera que elegir una sola frase me quedaría con la que le dijo Jesús a Jairo en el episodio de resurrección de su hija: "No temas, basta con que tengas fe" (Mc 5, 36).

La misericordia de Dios manifestada en Jesús

"Jesús no solo anuncia el mensaje de la misericordia del Padre, sino que también lo vive. Vive lo que anuncia. Se hace cargo de los enfermos y los atormentados por malos espíritus (…) Se compadece cuando se encuentra con leproso o cuando ve el sufrimiento de una madre que ha perdido a su único hijo. Siente compasión por numerosos enfermos, por el pueblo que tiene hambre… (…) Los pecadores son los destinatarios del mensaje de Jesús; ellos son los espiritualmente pobres (…) Es tenido por amigo de publicanos y pecadores (…) Es en sus parábolas donde Jesús interpreta más bellamente para nosotros el mensaje de la misericordia del Padre. Esto vale sobre todo para las parábolas del buen samaritano (cf. Lc 10, 25-37) y el hijo pródigo (cf. Lc 15, 11-32) (…) Lo que Jesús quiere decir es: así como actúo yo, así actúa también el Padre. Quien ve a Jesús ve al Padre (cf. Jn 14, 7.9)" .

KASPER, Walter, La misericordia. *Clave del Evangelio y de la vida cristiana, Santander 2012, 70-74).*

Divinidad y humanidad de Jesús

"La Iglesia se ha esforzado durante largo tiempo para poder expresar la relación entre divinidad y humanidad en Jesús. La divinidad y la humanidad de Jesús no están enfrentadas, de modo que Jesús fuera solo parcialmente Dios y parcialmente hombre. Como no es cierto que la naturaleza divina y la naturaleza humana se mezclen en Jesús (…)

La Iglesia ha mantenido firme la fe en que Jesucristo es, en una persona, a la vez verdadero Dios y verdadero hombre" (nº 77).

"El lado visible de Jesús nos remite al invisible. En la vida de Jesús vemos numerosas realidades que están poderosamente presentes, pero que solo podemos comprender como misterio. Éstos misterios son por ejemplo la filiación divina, la Encarnación y la Resurrección de Cristo" (nº 78).

(Youcat)

Cristo, el Hombre nuevo

"El misterio del hombre sólo se esclarece en el misterio del Verbo encarnado (…) El que es *imagen de Dios invisible* (Col 1, 15) es el hombre perfecto que restituyó a los hijos de Adán la semejanza divina, deformada desde el primer pecado. En Él la naturaleza humana ha sido asumida, no absorbida (…)

El Hijo de Dios, con su encarnación, se ha unido en cierto modo a todo hombre. Trabajó con manos de hombre, pensó con inteligencia de hombre, obró con voluntad de hombre, amó con corazón de hombre. Nacido de la Virgen María, se hizo verdaderamente uno de nosotros, en todo semejante a nosotros, excepto en el pecado".

(Concilio Vaticano II. Constitución Gaudium et spes, 22)

CULTURA

O Día das Letras Galegas para Roberto Vidal Bolaño

Félix Villares Mouteira

A Real Academia Galega, no Plenario celebrado en xuño de 2012, acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2013 a Roberto Vidal Bolaño, xa que se cumprían en setembro os dez anos do seu pasamento. A candidatura de Roberto Vidal Bolaño, que estivo avalada polos académicos Euloxio Rubal e Margarita Ledo, competiu coas de Xosé Filgueira Valverde, Carlos Casares, Ben-Cho-Shey e Antonio Fernández Morales.

Segundo a Real Academia Galega, Roberto Vidal Bolaño *"é unha figura imprescindible para comprender a dimensión do teatro galego e, xa que logo, do noso sistema literario"* e a súa abondosa produción literaria estivo *"sempre orientada a armar un edificio teatral galego perdurable"*.

Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela o trinta e un de xullo de mil novecentos cincuenta. Foino todo no teatro: autor, director, actor, escenógrafo, iluminador...

Comezou a súa andaina teatral sendo moi novo cando estrea a súa primeira peza teatral, *O Xogadeiro,* no Colexio Placeres de Marín. Por certo, esta obra non chegou a nós.

En 1974, fundou con Laura Ponte a compañía Teatro Antroido que perdura ata comezos da década dos noventa. Participou tamén na cooperativa de Teatro do Estaribel. En 1991 creou a compañía o Teatro do Aquí que dirixe ata a súa morte ocurrida en Santiago de Compostela o once de setembro de dous mil dous.

Roberto Vidal Bolaño colaborou co Centro Dramático Galego, fixo guións para a TVG e TVE e participou como actor en varias series de televisión coma *Mareas Vivas, Los Pazos de Ulloa, Brigada Central*. Tamén actuou en películas coma *Sempre Sonxa* (1989), *A noiva de medianoite* (1997), *A lingua das bolboretas* (1999)...

Ó longo da súa traxectoria vital acadou diversos premios, entre os que salientan o Abrente, o Facho, a Medalla de Ouro (Premio cidade de Valladolid), o Rafael Dieste, o Alvaro Cunqueiro, o Xacobeo, o Eixo Atlántico e outros máis.

Entre as súas obras salientan *Laudamuco, señor de ningures* (1976); *Bailadela da morte ditosa* (1980); *Agasallo de sombras* (1992); *Dias sen gloria* (1992); *Saxo tenor* (1993), *As actas escuras* (1994), *Rastros* (1998)...

A produción literaria de Roberto Vidal Bolaño caracterízase polo compromiso con Galicia e o galego. Nas súas obras predomina o simbolismo e a combinación de elementos da tradición popular e da situación sociocultural actual.

Segundo a Real Academia Galega, a produción de Roberto Vidal Bolaño *"caracterízase por un irrevogable compromiso coa lingua galega, pois estamos ante un autor radicalmente monolingüe, que contribuíu á definitiva instalación do teatro galego na nosa lingua. Ademais, hai na súa obra un inequívoco compromiso estético. Todos os estudosos coinciden en salientar a súa constante preocupación pola experimentación, por dialogar coa tradición culta e popular, literaria e histórica, social e política (...) É considerado un dos traumaturgos europeos máis importantes do último cuarto do século XX"*.

Hemeroteca de "Estudios Mindonienses"

Carlos Alonso Charlón

La Ciudad de Dios, un diálogo permanente co mundo actual

Atopámonos, dentro do seu xénero, ante a revista máis antiga das publicadas en España. Fundada polos PP. Agustinos españois no ano 1881, coñeceu dúas denominacións anteriores: Revista Agustiniana (1881-1886) e Religión y Cultura (1928-1935). A Guerra Civil Española coincide co momento na que volta ao seu título orixinal, que perdura ata a actualidade.

Toma o seu título da primeira e monumental obra de San Agustín, santo, pai e doutor da Igrexa, na que describía a dúas cidades enfrentadas: a Cidade de Deus, conformada por aqueles homes que se moven polo amor verdadeiro (a caridade); e a Cidade do Mundo, integrada por homes dominados polo egoísmo.

Os seu contido estructúrase en dúas seccións: "Estudios" (temática bíblica, teolóxica e espiritual, cun enfoque eminentemente agustiniano) e "Bibliografía" (presentación e análise crítico de novedades bibliográficas versadas en Sagrada Escritura, Teoloxía-Filosofía, Historia e Espiritualidade). Resulta imprescindible para o estudio da Orde Agustiniana e do Real Mosteiro de San Lourenzo do Escorial, sé actual da revista.

Outras publicacións periódicas dos PP. Agustinos con intercambio vixente na nosa hemeroteca: Religión y Cultura (Madrid), Archivo Agustiniano (Valladolid), Revista Agustiniana (Guadarrama, Madrid) e Estudio Agustiniano (Valladolid).

LA CIUDAD DE DIOS

REVISTA AGUSTINIANA
PUBLICACIÓN CUATRIMESTRAL

Sumario

PASSARELLI, F., *Le catechesi battesimale di Giovanni Crisostomo. L'uomo è chi cercha pietà e vérità* 5
MERCIECICA, SR., *La semiglianza e la diadettica del diverso. Le radici agostiniane di L. Stefanini* 23
VIÑAS ROMÁN, T., O.S.A., *San Juan Bautista de la Concepción, San Agustín y los Agustinos. En el IV Centenario de la Muerte del Reformador Trinitario* 39
PONS PONS, G., *La Roma clásica y cristiana en Aurelio Prudencio y en san Agustín* 67
RODRÍGUEZ DÍEZ, J., O.S.A., *Fray Francisco Javier Valdés y Noriega. Primer Director agustino del Real Colegio Alfonso XII, primer Rector de los Estudios Superiores del Escorial, obispo de Jaca y Salamanca y senador* 96
BLANCO PACHECO, S., CMF, *El Escorial bajo la presidencia del P. Claret. Diez años de vida ecoherente en el Monasterio (1858-1868)* 127
KOTTMAN, K.-A., *The architecture of Velhuno: Antonio Vieira's and Diego de Zúñiga. Conclusiones. Parte II* 177
DOMÍNGUEZ, J. FOL., *Correspondencia de Pedro Chacón. Segunda Parte. Carta n.º 5. Pedro Chacón a Leño de Castro* 203
BIBLIOGRAFÍA 245

VOL. CCXXVI, NÚM. 1 — ENERO-ABRIL 2013

REAL MONASTERIO DE EL ESCORIAL

Para ter en conta…

Ano de fundación: 1881.
Director: Teófilo Viñas Román.
Periodicidade: Cuatrimestral.
Suscrición para España: 60 €; outros países: 90 €; número solto: 25 €; volume atrasado: 65 €.
Sen ningún compromiso, a redacción fai chegar gratuitamente exemplares da revista a quenes queran coñecer a publicación.
Páxina web: www.edes.es | Email de contacto: edes@edes.es
Fondos na hemeroteca: Dende 1987.

Web: www.mondonedoferrol.org/estudiosmindonienses.htm

Volver a empezar. Veinte caminos para volver a la fe.

André Fossion, Sal Terrae, Santander 2005.

"Se fose verdade..." canto escribiron os evanxelistas, canta Jacques Brel. E un ponse a soñar, a atopar motivos de esperanza. Este é o obxectivo deste libro: facer brotar esperanza no corazón de quen o lea, porque é gracias á esperanza como a fe nace e renace nas nosas vidas.

Moitas persoas, hoxe, alonxáronse da tradición cristiá, e proseguen o seu camiño coa esperanza de redescrubrir en toda a súa novidade e coa súa liberdade o esencial da fe. E se fose certo o que aqueles homes escribiron hai vinte séculos…?

O presente libro ofrece vinte camiños para volver empezar a crer, cada un dos que invita a redescubrir dun xeito novo cuestión fundamentais da teoloxía cristiá: a felicidade, a vida, a liberdade, a compaixón,… Un instrumento axeitado para a reflexión persoal e grupal.

Amor bajo el espino blanco (China, 2010)

Director: Zhang Yimou
Intérpretes: Zhou Donayu, Shawn Dou, Xi Meijuan, Li Xuejian

Estamos ante unha historia de amor desigual entre unha rapaza que precisa ser reeducada polo partido, xa que seu pai é un capitalista, inimigo da revolución, e o fillo dun gran militar da revolución. Unha relación composta de detalles e xestos todos clandestinos. É unha historia onde reina o amor, o respecto, a fidelidade, a felicidade. É unha historia sinxela dun romanticismo e delicadeza que transportan ó máis íntimo da nosa vida e fainos entrar en comunión co amor

DIOCESE

El compromiso de nuestras "Religiosas"

Hijas de la Virgen de los Dolores

Francisco Xabier Martínez Prieto

La Congregación de las Hijas de la Virgen de los Dolores nace de la opción preferencial por los más pobres de los barrios más abandonados de Trujillo, y por el esfuerzo de hacerles llegar el pan y la catequesis. Sus inicios fueron en 1919 en la diócesis de Plasencia. Sus fundadores fueron la Madre Antonia Mª Hernández Moreno (Trujillo – Cáceres, 1875-1955) y el sacerdote Juan Tena Fernández (Trujillo – Cáceres, 1888-1967), que fue cronista oficial de la ciudad de Trujillo, pueblo que le ha dedicado una de sus plazas y en que ejerció de archivero y bibliotecario del Ayuntamiento. Allí también fue subapoderado del Patrimonio Artístico, encargado de la custodia, conservación y restauración del Trujillo monumental e Iglesias de la Diócesis de Plasencia. Por lo que además de haber ayudado a fundar la Congregación debemos agradecerle su gran trabajo para que el patrimonio de uno de los enclaves más singulares de Cáceres llegase a nuestros días. Esa ingente labor lo llevo a ser en 1949 Académico de la Real Academia de la Historia y miembro honorífico del Instituto Venezolano de Cultura Hispánica. Un hombre erúdito que llevó a cabo una gran investigación sobre Trujillo y la Conquista de América.

En vida de los Fundadores la Congregación se extendió por varias Diócesis de España, Portugal y Argentina. Desde el año 1994 las Hermanas trabajan en Angola, en la Diócesis de Benguela. Están presentes, por lo tanto, en Trujillo, Alburquerque, Alcácer do Sal, Barcelona, Benguela-Angola, Bocoio-Angola, Buenos Aires, Feria, Lisboa, Madrid, Mijadas, Salamanca, San Clemente-Las Viñas, Santander, Selaya y Tres Lomas-Argentina.

En todas las Comunidades existe un grupo de Cooperadores, que están organizados según la Obra que se desarrolla en cada lugar. Se comprometen a orar por las vocaciones y a colaborar en los trabajos apostólicos que asume la comunidad. En la actualidad cuenta con diferentes colegios, Escuelas Hogar y residencias universitarias como la de Madrid.

En nuestra Diócesis llegaron a Ferreira de Valadouro en 1959, dedicándose a la enseñanza como colegio de Nuestra Señora de los Remedios, pasando más de un millar de niños. Hacia 1970 el Colegio pasó a ser una Escuela Hogar por donde pasaron unos 130 niños. En el año 2005 se cerró la Escuela Hogar permaneciendo la casa como lugar de acogida para infinidad de cursillos, catequesis, reuniones de Cáritas, reuniones arciprestales, acogida y apoyo a sacerdotes, así como a la pastoral parroquial en la que sus hermanas se encuentran fuertemente implicadas llevando a cabo la catequesis, la colaboración litúrgica, la visita a los enfermos y presencia en el mundo de las necesidades de Cáritas en el entorno. Su colaboración pastoral hace posible la continuidad de asamblea dominical en muchas de las parroquias rurales del entorno de Ferreira, así como en Ferreira, gracias a las Celebraciones de la Palabra que llevan a cabo colaborando estrechamente en la tarea de la evangelización con el párroco D. Fernando Monterroso Carril.

En la actualidad forman la comunidad cuatro hermanas llamadas Eloína Rebellar Vara, Rosa Tejerina Fernández, Julia Rey Ferro y María Sales Blázquez. Viven en una comunidad fraterna, siguiendo el estilo de sencillez y pobreza de su fundador, incardinadas en la vida de cada lugar, en este caso en Ferreira de Valadouro, donde su presencia va ligada a más de cincuenta años de vida y compromiso. La patrona de la Congregación es la Virgen de los Dolores, que permanece atenta a los sufrimientos de los crucificados de hoy: pobres, enfermos, familias desestructuradas, jóvenes desorientados y todos los hombres que sufren.

Uno de los cometidos importantes desde su fundación es el de trabajar por el surgimiento de vocaciones en las familias.

Fundador HVD

Madre Antónia María
Fundadora HVD

Página web. http://hijasdelavirgendelosdolores.com/

Faragullas

Félix Villares Mouteira

FESTA DE SAN XOÁN DE AVILA

O día dez de maio celébrase a festa de San Xoán de Avila, patrono do clero secular. Ese día, na nosa Diocese, vai ter lugar o Día Sacerdotal no que os sacerdotes reciben a homenaxe diocesana polas súas Vodas de Diamante, de Ouro e de Prata. Este ano celebran as súas Vodas Sacerdotais de Diamante: Uxío García Amor, Membro do Equipo Sacerdotal de Abadín-Vilalba-Xermade; e, os xa xubilados, Enrique Santos Martínez Díaz e Luis Rodríguez Peña. Están de Vodas de Ouro: Xaquín Orlando Campo Freire, Párroco de Santa Uxía de Mandiá e San Pedro de Marmancón; Pedro Díaz Fernández, Presidente do Cabido da Catedral de Mondoñedo e Párroco de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo, de San Pedro de Argomoso e Santiago de Lindín; José Antonio Fernández Santos, Párroco de San Rosendo e de Santa Cruz de Canido en Ferrol; Alfonso Gil Montalbo, Párroco de Santa Marta de Ortigueira, San Xiao de Barbos, Santa Olalla de Ladrido e Santa María de Luía; Jesús Goldar Novo, Párroco de Santa María de Gondaísque e San Xiao de Mourence; José Lage Grandío, Párroco de Santa María de Ourol, Santo Estevo de Silán e Santa María do Sixto; Higinio Rodríguez López, Párroco de Santa María da Pedra, San Pedro de Feás, Santiago de Landoi e Santo Estevo de Sismundi, e José María Vidal Bodenlle, Párroco de San Xiao de Mos, Santo Estevo de Loentía, Santa María Madalena de Sobrada e San Pedro de Triabá. Pola súa parte, celebran as súas Vodas de Prata Carlos Miranda Trevín, Secretario Diocesano de Pastoral e Párroco de San Xosé Obreiro de Narón e Santa Icía de Trasancos, e Juan Cabo Meana, CFM, Membro do Equipo Sacerdotal encargado de San Vicenzo de Meirás, Santa María a Maior do Val, Santa María de Castro, San Bartolomeu de Lourido e Santa María de Sequeiro. Co gallo desta festa, van ter lugar no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo, diversos actos, entre os que haberá unha Eucaristía que presidirá o bispo da Diocese, don Manuel Sánchez Monge. Os actos rematarán cun xantar de irmandade e unha sobremesa festiva.

II ENCONTRO DIOCESANO DE CONFRARÍAS PENITENCIAIS

A sé da Fundación Nova Caixa Galicia na cidade de Ferrol vai acoller o vindeiro domingo, día vinte e oito de abril, o II Encontro Diocesano de Confrarías Penitenciais de Mondoñedo-Ferrol. O Encontro comezará ás nove e media da mañá coa acollida e a entrega de acreditacións, tendo lugar, ás dez, a inauguración que presidirá o bispo da Diocese, don Manuel Sánchez Monge. Ás dez corenta e cinco, terá lugar o primeiro relatorio no que Joaquín Pérez Montilla, Delegado de Confrarías da Diocese de Xerez, falará sobre "Mi fe, como laico, comprometida en el seno de una Cofradía". Despois dun pequeno tempo de lecer, ás doce, José Manuel Bernat Cabeza, de Sevilla, disertará, nun segundo relatorio, sobre "El orfebre y su obra: realización de un proyecto". Ás doce cuarenta e cinco, José María Hurtado Rodriguez, de Sevilla, vai falar no terceiro relatorio, sobre "La representación de Cristo en la imaginería de la Semana Santa sevillana". Despois dun coloquio, ás catorce horas terá lugar o xantar. Pola tarde, ás dezaseis trinta horas, no auditorio, terá lugar o concerto da Banda Municipal de Música de Ferrol. Para as seis tarde está prevista unha Eucaristía na Capela dos PP. Mercedarios, sita na Praza Marqués de Amboage, que vai presidir o bispo da Diocese, monseñor Sánchez Monge. Despois da Eucaristía, vai ter lugar unha procesión extraordinaria, que organiza a Confraría de Nuestra Señora de la Merced, na que se acompañará a imaxe de Nosa Señora dos Cautivos, rematando así este II Encontro de Confarías Penitenciais que organiza a Delegación Diocesana de Confarías e Irmandades Penitenciais.

VISITA PASTORAL

O bispo da diocese, don Manuel Sánchez Monge, continúa realizando a Visita Pastoral ás cento setenta e cinco parroquias que configuran o Arciprestado de Terra Chá. Así, o día primeiro de maio visitará as parroquias de San Pedro Bazar e Santa María de Outeiro; o día catro, as de Santiago de Xustás, Santo André de Bendia, San Paio de Bexán, Santa Comba de Orizón e Santa María de Quintela; o día cinco, as parroquias de San Pedro de Miraz e Santa Mariña de Cabreiros; o día doce, o Santuario do Santo Alberte, na parroquia de San Breixo de Parga; o día dezaoito, as parroquias de Santo Estevo de Parga e San Xiao de Becín; o domingo dezaoito e o venres vinte e catro, as de Santa Mariña de Muimenta, Santa María de la Cabeza do Arneiro, San Martiño de Corbelle, San Cidre do Matodoso, San Pedro de Momán, San Vicenzo da Regueira, Santiago de Reigosa, San Miguel de Roás e San Xoán de Vilarente; e o sábado vinte e cinco, as parroquias de San Paio de Arcillá, Santa María de Bestar, San Xiao de Gaibor e Santa Olalla de Sisoi.

MATRÍCULA NO SEMINARIO SANTA CATARINA

A partir do un de abril o Seminario Menor Diocesano de Santa Catarina de Mondoñedo abre o prazo para facela inscrición para o curso 2013/2014. O Seminario é unha comunidade diocesana, educativa, humana, cristiá e vocacional. Ó Seminario poder vir rapaces en idades correspondentes ós niveis de ESO que sigan a Xesús e queiran descubrir se os chama a colaborar con El sendo sacerdotes; que sexan xenerosos e desexen facer algo polos demais; que estean dispostos a convivir con novos amigos, compartindo con eles a aventura de cada día. Para obter máis información pode chamarse ó feléfono 982 521 000.

Galicia

C. Quintela

DIOCESES

Peregrinación das dioceses de Galicia a Roma no "Ano da fe"

Presidida polos cinco bispos de Galicia, do 8 ao 12 deste mes de abril, tivo lugar a peregrinación a Roma das dioceses galegas co gallo do "Ano da fe". Participaron uns 160 peregrinos, acompañados dos seus párrocos e os delegados diocesanos de peregrinacións.

Foron uns días especiais para venerar a memoria dos apóstolos, testemuñas e columnas da nosa fe cristiá. Cada día celebrouse a Eucaristía presidida por un bispo e concelebrada polo outros bispos e os sacerdotes acompañantes. Visitaronse as catro basílicas maiores: San Xoán de Letrán, Santa María Maior, San Paulo Extramuros e San Pedro no Vaticano.

O momento culminante destes días de convivencia, oración e celebración da fe, foi a audiencia xeral do papa Francisco, o mércores 10, na praza de San Pedro. Na súa catequese con motivo da Pascua, entre outras cousas, salientou o seguinte:

A nosa fe fúndase na morte e resurrección de Cristo, igual que unha casa se asenta sobre os cimentos: se ceden, derrúbase toda a casa. Na cruz, Xesús ofreceuse a si mesmo cargando sobre si os nosos pecados e baixando ao abismo da morte, e na Resurrección vénceos, elimínaos e ábrenos o camiño para renacer a unha vida nova (...)

O Apóstolo dinos que, coa resurrección de Xesús, acontece algo absolutamente novo: somos liberados da escravitude do pecado e convertémonos en fillos de Deus, é dicir, somos xerados a unha vida nova. Cando se realiza isto por nós? No Sacramento do Bautismo.

San Pablo na Carta aos Romanos escribe: vós «recibistes un espírito de fillos de Deus, no que clamamos: Abba, Pai!» (Rm 8, 15). É precisamente o Espírito que recibimos no Bautismo que nos ensina, impúlsanos, a dicir a Deus: «Pai», ou mellor, «Abba!» que significa «papá». Así é o noso Deus: é un papá para nós. O Espírito Santo realiza en nós esta nova condición de fillos de Deus. Este é o máis grande don que recibimos do Misterio pascual de Xesús (...)

(...) só comportándonos como fillos de Deus, sen desalentarnos polas nosas caídas, polos nosos pecados, sentíndonos amados por El, a nosa vida será nova, animada pola serenidade e pola alegría. Deus é a nosa forza! Deus é a nosa esperanza!

Queridos irmáns e irmás, a quen nos pida razón da esperanza que está en nós (cf. 1 P 3, 15), mostremos a Cristo resucitado. Mostrémolo co anuncio da Palabra, pero sobre todo coa nosa vida de resucitados. Mostremos a alegría de ser fillos de Deus, a liberdade que nos dá o vivir en Cristo, que é a verdadeira liberdade, a que nos salva da escravitude do mal, do pecado, da morte.

Saúdo cordialmente aos peregrinos de lingua española, provenientes de España, Arxentina, México e os demais países latinoamericanos. En particular, ao grupo das dioceses de Galicia, cos seus Bispos, así como aos sacerdotes do curso de actualización do Pontificio Colexio Español, e ao grupo do Club Atlético San Lorenzo de Almagro, de Buenos Aires: isto é moi importante. Convido a todos a dar testemuño do gozo de ser fillos de Deus, da liberdade que dá o vivir en Cristo, que é a verdadeira liberdade. Moitas grazas.

Nestes días o grupo de peregrinos tivo a oportunidades de visitar a Roma antiga (Coliseum, Panteón, Capitolio, etc.), as catacumbas de San Calixto, os Museos vaticanos e a Capela Sixtina, etc.

Axenda

FESTIVAL DA CANCIÓN VOCACIONAL

A Delegación Diocesana de Pastoral Vocacional organiza, un ano máis, o Festival da Canción Vocacional que este ano chega a súa XVIII edición e que vai ter lugar no Seminario Santa Catarina de Mondoñedo o sábado, día vinte e sete de abril, co lema "Familia + Fe = Vocacións".

XORNADA DAS VOCACIÓNS NATIVAS

A Delegación Diocesana de Obras Misionais Pontificias organiza o domingo, día vinte e oito de abril, a Xornada das Vocacións Nativas baixo o lema "Sinal de esperanza". Trátase dunha Xornada de colaboración espiritual e económica para a formación dos candidatos ó sacerdocio ou á vida relixiosa en países de misión.

CONFIRMACIÓNS EN MONDODÑEDO

Na Santa Igrexa Catedral Basílica de Mondoñedo vai ter lugar, ás doce da mañá, do día once de maio, sábado, a Eucaristía na que o bispo da Diocese, Monseñor Sánchez Monge, vai administrar o sacramento da Confirmación a persoas adultas de diversas parroquias da Diocese.

XORNADA MUNDIAL DAS COMUNICACIÓNS SOCIAIS

O domingo, día doce de maio, celébrase a Xornada Mundial das Comunicacións Sociais. O lema deste ano é "Redes sociais: portais de verdade e de fe; novos espazos para a evanxelización". Co gallo desta Xornada, o Papa Emérito, Benedicto XVI, fixo pública, no seu día, unha mensaxe.

DÍA DA ACCIÓN CATÓLICA E DO APOSTOLADO SEGRAR

O día dezanove de maio, solemnidade de Pentecosté vai celebrarse, como é tradicional, o Día da Acción Católica e do Apostolado Segrar. Esta celebración terá unha resonancia especial entre os segrares da nosa Diocese despois de terse celebrado o I Congreso diocesano de laicos.

PEREGRINACIÓN A MONDOÑEDO

A delegación Diocesana de Pastoral da Saúde organiza unha peregrinación diocesana con enfermos a Mondoñedo co gallo do Ano da Fe. Terá lugar o sábado, vinte e cinco de maio. Entre os actos previstos está unha Eucaristía –as doce da mañá- na Santa Igrexa Catedral Basílica, que presidirá o bispo da Diocese, monseñor Sánchez Monge, e unha visita ó Santuario de Nosa Señora dos Remedios.

DÍA PRO ORANTIBUS

Como é tradicional, na Solemnidade da Santísima Trinidade, que este ano se celebra o domingo, día vinte e seis de maio, vai ter lugar o Día pro Orantibus no que volvemos a nosa mirada cara os relixiosos e relixiosas de vida contemplativa. Esta é unha vocación pouco coñecida e entendida no mundo de hoxe, tan aferrado ás súas comodidades, á súa liberdade de movementos e ao seu utilitarismo.

Cada último Xoves de mes en La Voz de Galicia
www.mondonedoferrol.org

dumio

Páxinas en galego subvencionadas por:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

O equipo de redacción de Dumio quere agradecer todas as felicitacións e suxestións que recibiu de moitas persoas e institucións. No noso afán de seguir mellorando, comunicamos ós nosos lectores que estamos abertos a todo tipo de colaboración. Poden facernos chegar as súas aportacións a través do noso enderezo postal ou electrónico.